

Tempos Novos

Xestionado por [Tempos Novos](#)

CONVERSA: MANUEL RIVAS E SUSO DE TORO

Itinerarios cruzados

Son dous valores da literatura galega. Forman parte, así, desa constelación de escritores e escritoras que iluminan itinerarios polos que Galicia, esa nación de conciencia e benestar, se fai visible no mundo. Manuel Rivas e Suso de Toro veñen de renovar o seu compromiso creativo don dúas novelas. Era unha boa ocasión para poñelos cara a cara, desinhibidos e auténticos. Con Loli Vilavedra, crítica, provocando confesións.

- 12:47 18/08/2006

-Dolores Vilavedra: Reaparecedes á vida pública despois de estar inmersos durante un tempo no proceso de creación das vosas últimas obras. Dende a vosa perspectiva, que eu considero privilexiada, como vedes a literatura galega e os seus axentes? Como vos vedes nela?

-Manuel Rivas: Teño grande pudor a falar do eu, e mais do que fai o eu nese ecosistema que é a literatura galega. Teño unha necesidade enorme de lavarme do eu, dese fatídico pronome persoal de primeira persoa. Prefiro falar do ecosistema literario no que estou inmerso (onde tamén están os lectores, os libeiros, as editoriais, o sistema de ensino♦).

-Suso de Toro: O feito de reunírmonos Manolo e mais eu con Dolores xa presupón un certo argumento, probablemente baseado na actualidade de dous libros e de dous creadores que teñen tamén unha certa altura de obra e de idade. Algún día gustárame que se comprendese de Manolo e mais de min como é posíbel viaxar en paralelo cando ao mesmo tempo temos trazos no fondo contrarios; tamén iguais en certo sentido, pois hai unha mesma dor. Manolo e mais eu mantemos dúas relacións coa memoria distintas e que responden a dous mundos íntimos diferentes. Entendo que Manolo dalgunha maneira procura no pasado un paraíso perdido. A miña relación co pasado é máis complexa. Miro para atrás e atopo cascallos, feridas.

-M.R.: Non comparto esa idea que acabas de expor sobre a miña maneira de ollar o pasado, entendéndoa como saudade. Gústame moito a expresión que fala da reflexión histórica como presente recordado. Renego do adxectivo de histórico para a novela. Mesmo para evitalo, cualifiquei a miña última obra de armilar, facendo referencia a esa esfera rodeada de distintas órbitas. Creo que a escrita sempre se prolonga aos nosos días. Para min, parécese ao movemento do remeiro. Para avanzar, o remeiro ponse de costas ao destino e apóiase nos remos para impulsarse máis, tendo en conta o que os mariñeiros chaman as marcas, as referencias. Así avanza a memoria, indo cara adiante e abranguendo cada vez unha panorámica máis ampla.

-S.deT.: Eu tampouco considero o meu libro novela histórica. Estamos no camiño polo que avanzan moitos escritores europeos e de todo o mundo, e probablemente xeracións de escritores españois e galegos: a

reconstrución da memoria e da identidade. Outra cousa é que toda novela é histórica. Precisamente unha das características da novela é que é sociolóxica e histórica.

-M.R.: Sobre ese anatema que nos acusa de que só escribimos sobre o pasado, máis en concreto sobre a Guerra Civil, eu respondería que o que escribo, mesmo aquelas cousas máis precisas que se centran na Guerra Civil, sempre van moito máis alá. Este tipo de críticas non comprenden que unha novela non é só o asunto. O tema dunha novela non se decide conceptual nin socioloxicamente.

-S.de T.: Os artistas non traballamos con categorías sociolóxicas ou históricas. Tanto o libro de Manolo como o meu van máis aló da Guerra Civil estritamente. Hai un intento de reconstrución dun pasado que foi absolutamente violentado, esnaquizado. Son esforzos de reconstrución de pezas que están fragmentadas e desgonzadas.

-D.V.: A sociedade occidental está predispuesta a canonizar produtos culturais, sexan literarios ou cinematográficos, sobre o holocausto e a Segunda Guerra Mundial. En cambio, semella que segue a ser remisa a facer o mesmo coas obras nas que ten un protagonismo importante a Guerra Civil. Por que somos tan renuentes á hora de valorar os produtos culturais sobre ese asunto?

-S.de T.: O cine sobre a Segunda Guerra Mundial foi asimilado no mundo dos gañadores, nos EEUU e nos estados que caían no seu bando. Pero a sociedade alemá, até hai moi pouco, practicamente non puido facer as súas olladas sobre a guerra mundial; está aínda agora dirixindo o que foi o nazismo. Na literatura fíxose antes pero, aínda así, non até finais dos anos sesenta.

O escritor e a memoria

-D.V.: Considerades que realmente hai unha necesidade de falar da guerra ou dámoslle a razón aos que din que este protagonismo que está tomando a memoria é unha especie de campaña orquestrada e alertan contra o risco da institucionalización deste tema? Parcévos que isto é un movemento realmente espontáneo?

-S.de T.: O artista é, por unha banda, un pararraios, que cara arriba cataliza a electricidade que está no ar; e tamén unha raíz, que recolle por abaixo as correntes subterráneas. O artista é un eixo que vai de arriba abaixo, e recolle por arriba e por abaixo. Mais fai ese traballo de recollida dende a súa individualidade, dende a súa sensibilidade. O que está a ocorrer probablemente é que estamos ante unha certa altura xeracional. Tanto os creadores como a sociedade española no seu conxunto estamos nunha altura da vida na que vemos como as pantasma rebolen por debaixo e nos están a utilizar como ventrílocuos da memoria dese mundo que nos fixo.

-M.R.: Aínda habendo unha atmosfera que permite falar dunha forma máis destemida de aspectos que o pacto anterior de silencio dificultaba, eu penso que a literatura e, en concreto, o camiño de cadaquén, ten o seu rodeiro. Por iso cuestiono moito que se fale do tema Guerra Civil. O que foi estritamente a guerra está moi delimitado no tempo, pero se pensamos en todo o que foi o século XX e todo o medio século de ditadura xa estamos a falar doutro período histórico moito máis extenso. De todas formas, eu non teño ningún complexo en admitir que me interesa moito unha época determinada. Foi unha experiencia límite, non só para Galicia e para España, senón para o mundo. A Guerra Civil española é unha especie de guerra de Troia contemporánea, que hoxe ten unha dimensión mítica. Confluíron todos os ventos. Algúns aínda son conflitos irresolutos, que estamos a vivir hoxe en día (muller, discriminación💎)

A conversa completa, na edición impresa de TEMPOS Novos (agosto 2006, nº 111)

